

A C T A Nº 9/2013
DA SESION EXTRAORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 12/07/2013

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)
M^a TERESA SOBRADELO IGLESIA (BNG)
JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)
JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)
M^a OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)
SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Concelleiros ausentes:

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)
ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)
JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)
M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP)
ELISA BOUZAS VICENTE (PP)
M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventor accidental:

Antonio Tubío Piñeiro.

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día e hora indicada na convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, reúnense os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia do Interventor accidental e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Desculpada a ausencia dos concelleiros que se sinala ao marxe, e constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2013, CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA

2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2013

O Sr. Alcalde abre a sesión engadindo que debido a estratexia obstrucionista do grupo municipal do Partido Popular, obriga a traer os asuntos da orde do día sen ditame por falta de quórum para a súa celebración

Como a administración segue o seu curso, non cabe a vagancia, se ha de someter a ratificación de urxencia os asuntos non ditaminados.

1.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2012, CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA

O sr. Presidente somete aos/as sres/as concelleiros/as a ratificación da urxencia do asunto sinalado na orde do día xustificándoa na importancia do orzamento municipal deste exercizo, que se trae tarde como así o fixo tamén o Estado e a Xunta de Galicia, xa que sen el será difícil continuar as actuacións programadas e o cumprimento dos compromisos.

Segundo as dilixencias de Secretaria que obran no expediente non houbo quórum na Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria, Comercio e Emprego do 09/07/2013 en primeira e segunda convocatoria, en consecuencia ao abeiro do art. 82.3º e 126.2. do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións

Locais aprobado por RD. 2568/1986 (ROF) o asunto debe ser ratificado de urxencia polo Pleno corporativo antes de pasar a tratalo.

Sometida a votación resulta Ratificada a urxencia por unanimidade dos membros presentes (6 do BNG e 4 do PSdG-PSOE), isto é, 10 dos 17 que conforman o pleno municipal, polo tanto maioría absoluta.

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou aos concelleiros e que literalmente di:

<<Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, de ser o caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2013 polo Alcalde deste Concello.

Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166 e 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Sometido a negociación colectiva o día 05/07/2013.

Vistos o informe emitido pola Intervención e a demais documentación esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2013, a contía do cal quedou fixada, en GASTOS ascende a un total de 6.498.230,98 € e en INGRESOS, ascende a un total de 6.498.230.98 €, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Orzamento de gastos

Capítulo	Denominación	Presuposto 2013
		EUROS
A)	OPERACIONES NO FINANCIERAS	5.448.230,98
A.1	OPERACIONES CORRIENTES	5.413.037,23
1	Gastos del Persoal	2.404.303,19
2	Gastos correntes en bens y servicios	2.541.884,04
3	Gastos financeiros	350.000
4	Transferencias correntes	116.850
A.2	OPERACIONES DE CAPITAL	35.193,75
6	Inversións reais	35.193,75
7	Transferencias de capital	0
B)	OPERACIONES FINANCIERAS	1.050.000
8	Activos financeiros	0.00

9	Pasivos financeiros	1.050.000
TOTAL GASTOS		6.498.230,98

Orzamento de ingresos

Capítulo	Denominación	
A)	OPERACIONES NO FINANCIERAS	EUROS
		6.498.230,98
A.1	OPERACIONES CORRIENTES	
1	Impostos directos	6.498.230,36
2	Impostos indirectos	2.082.133,89
3	Taxas, prezos públicos y outros ingresos	74.248,29
4	Transferencias correntes	1.284.427,71
5	Ingresos patrimoniais	3.057.421,09
A.2	OPERACIONES DE CAPITAL	0,00
6	Enajenación de inversións reais	0,00
7	Transferencia de capital	0,00
B)	OPERACIONES FINANCIERAS	
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS		6.498.230,98

Segundo.- Aprobar, igualmente, as bases de execución que acompañan ó orzamento.

Terceiro.- Adoptar as seguintes actualizacións do cadro de persoal - plantilla fronte ao último publicado (BOP 21/08/2013)

a) Funcionarios: muda a referencia á situación administrativa do posto de Tesourería que pasa de estar ocupado en nomeamento accidental a “ nomeamento en comisión de servizos”.

b) Laborais: Amortizar os postos de persoal laboral que se relacionan a continuación por causa de xubilación do primeiro e renuncia do segundo, polo tanto sen custe ningún:

Denominación do posto:posto de CONDUTOR do Departamento de obras e servizos básicos (PEEPR co nº 07)

Número de postos: 1.-

Titularidade: Vacante

Denominación do posto: posto de OPERARIA DE LIMPEZA do Departamento de mantemento e limpeza de bens municipais (PEEPR co nº 15)

Número de postos: 1.-

Titularidade: Vacante

Cuarto.- Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, coa modificación puntual indicada no apartado anterior.

Quinto.- Que se expoña ao público a plantilla-cadro de persoal e orzamento polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sexto.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o presente acordo de aprobación inicial do orzamento e de modificación da plantilla considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo; e noutro caso procederá de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Sétimo.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma (a esta última por vía telemática ao abeiro da orde do 15/12/2010, DOG 23/12)

ANEXO I.- CADRO PERSOAL-PLANTILLA (xuño 2013)

FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
<i>ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL</i>				
Nº	Denominación	Grupo	C.D.	Titularidade/ Situación administrativa
1	Secretaría	A1	28	1 Propiedade ocupada polo titular do posto
1	Interventora	A1	28	1 Vacante ocupada nomeamento provisional
1	Tesoureiro	A1	28	1 Vacante ocupada en comisión de servizos
<i>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL</i>				
a) Subescala Técnica:				
1	Técnico Administración Xeral	A2	26	1 Vacante non ocupada
b) Subescala de auxiliares:				
2	Auxiliares administrativos	C2	18	2 ocupadas x titulares das prazas
1	Administrativo (reservada a segunda actividade Policía Local)	C1	18	1 ocupada por Policía Local en segunda actividade
1	Axente Recadador	C2	18	1 Vacante ocupada por Func. interino.
<i>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</i>				
a) Subescala Técnica:				
1	Arquitecto	A1	26	1 Vacante non ocupada
1	Arquitecto técnico	A2	26	1 ocupada polo titular da praza
b) Subescala de servizos especiais:				
1	Inspector	A2	22	1 ocupada polo titular da praza
2	Oficial Policía (1 reservada a	C1	18	1 ocupada polo titular da praza

	segunda actividade)			1 vacante non ocupada
8	Policías Municipais	C1	18	6 ocupadas polos titulares das prazas 2 vacantes / 1 ocupada en CS outra non ocupada
3	Conserxes	Agrup.Prof.	14	3 ocupadas polos titulares das prazas
1	Operario de Servizos Varredor(conserxe pavillon)	Agrup.Prof.	14	1 ocupada polo titular da praza
PERSONAL LABORAL FIXO				
Nº	Denominación	Categoría	Tipo	Observacións
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL (SAX)				
(SAX)Unidade de servizos xerais de secretaría.				
1	Administrativo Oficinas	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 01)
(SAX) Unidade de atención ó público, rexistro e padrón.				
1	Auxiliar administrativos	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 02)
(SAX) Servizo de informática				
1	Técnico superior de Informática (enxeñeiro inform)	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 03)
(SAX) Unidade de persoal e desenvolvemento local				
1	Técnico local de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	I	Fixo	Vacante(PEEPR nº 05)
DEPARTAMENTO DE URBANISMO (DU)				
1	Auxiliar administrativo	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 06)
DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (DOSB)				
1	Operarios servizos múltiples-oficinas	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 04)
1	Mecánico	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 08)
1	Soldador- condutor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 09)
1	Operario Cemiterio e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 10)
(DOSB) unidade de parques e xardíns.				
1	Operario parques e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 11)
(DOSB) unidade de mantemento e limpeza de bens municipais				
3	Operarias limpeza	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 12,13,14)
4	Operarias limpeza	V	Fixo,T.Par c.	Vacante (PEEPR nº 16,17, 18,19)
(DOSB) unidade de obras				
1	Encargado Obras e Servizos Basicos	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 20)
DEPARTAMENTO DE DEPORTES (DD)				
2	Animadores Deportivos (Técnico-monitor e animador deportivo)	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 22 e 23)
1	Operario (apoio pavillóns)	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 24)
1	Conserxe Pavillón	V	Fixo	Vacante(PEEPR nº 25)
DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE (DXU)				
(DXU) unidade de dinamización xuvenil				
1	Responsable oficina información xuvenil (Técnico Información Xuvenil)	III	Fixo	Vacante(PEEPR nº 26)
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CULTURA (DEC)				
1	Técnico Animador cultura- auxiliar ASC	IV	Fixo	Propiedade
(DEC) unidade de biblioteca				
1	Auxiliar Biblioteca	IV	Fixo	Vacante (PEEPR nº 27)
(DEC) Unidade de educación de adultos				
1	Mestre Educación Adultos	II	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 28)
1	Mestre auxiliar Educación Adultos	III	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 29)

DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE (DBSI)				
1	Técnico Medio de Servizos Sociais	II	Fixo	Vacante (PEEPR nº 30)
(DBSI) unidade de atención primaria				
2	Auxiliar axuda no Fogar	V	Fixo,T. Parc	Vacante(PEEPR nº 31,32)
(DBSI) unidade de atención psicopedagóxica				
1	Pedagogo	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 33)
1	Monitor Manualidades	IV	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 34)
DEPARTAMENTO DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE				
1	Educador ambiental e turístico	II	Fixo	Vacante PEEPR nº 35)
1	Tecnico Medio de Actividades	II	Fixo	Vacante(PEEPR nº 36)
OUTRO PERSOAL LABORAL				
Nº	Denominación obra ou servizo- en condición de:	Categoría		
2	Condutores	V		
1	Oficial 1ª	V		
4	Auxiliar axuda no Fogar	V		
1	Conductor Ambulancia	V		
1	Auxiliar Admtvo Servizos Sociais	IV		
1	Axente Auxiliar de Desenv. Local	II		
2	Auxiliares Recadación	IV		
1	Animador Cultural	II		
1	Administrativo Obras	III		
1	Auxiliar administrativo (Oficinas Xerais)	IV		
1	Bedel Biblioteca	V		
3	Peóns Xardinería	V		
1	Carpinteiro	V		
1	Fontaneiro	V		
1	Auxiliar Oficinas Intervención (Tec. Informática Xestión)	III		
1	Tco.Licenc.Empresariais Intervención	I		
1	Animador Cultural	II		
1	Monitor Deportivo	III		
1	Peón Carpinteiro	V		
1	Educadora Familiar	II		
1	Traballadora Social	II		

2	Auxiliares de Policía	IV		
POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO				
1	Arquitecto ARI	I		
1	Auxiliar administrativo ARI	IV		

AMORTIZACIÓNS (2 Laborais)

1	conductor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 07)
1	Operaria limpeza	v	Fixo	Vacante (PEEPR nº 15)

O **alcalde** fai referencia ao que estima a estratexia do Partido Popular - a pesar de ter coñecemento dos orzamentos dende o venres pasado pero tendo en conta as vacacións permanentes nas que están nesta corporación, pois non é a primeira vez argallan excusas cativas para non debater asuntos incómodos- que prefiren a escapada a estudar os orzamentos ou levalos a Santiago a que lles preparen a intervención. Son como o dianteiro que busca o contacto mínimo para “tirarse á piscina” na área rival. Especialistas en escaquearse no engano antes de facer un traballo concienzudo, dedicar tempo a estudalos e analízalo material e quere lo entender. Mais teñen tempo para facer a nota de prensa, facendo a comedia, se ben nela ben recoñecen que tiveron a súa disposición o expediente.

Continúa o Alcalde dicindo que se os membros do PP de Rianxo examinaran os orzamentos verían que son uns orzamentos equilibrados, que se tardaron en redactar -como xa lles aconteceu no Estado e na Xunta de Galicia- procurando acadar o máximo financiamento e sen deixar de atender as diferentes obrigas municipais en pro da veciñanza. O goberno prefire dar iso que dar os cartos vía préstamo a unha entidade bancaria “amiga”. Asemade non precisa de facerse fotos cos amigos como fai o PP e as súas amizades perigosas (refírese ao abrazo de Feijoo co Presidente de Iberdrola na primeira investidura), do que logo estanse a pagar a “servidores” como o expresidente Sr.Aznar ou Ministros como o Sr. De Guindos, contratados polas empresas eléctricas onde se xubilan politicamente. Este orzamento para o exercizo 2013 someteuse a negociación colectiva tal e como refléctese no expediente.

Parte a Alcaldía do desprezo que o Partido Popular manifesta hacia os servizos administrativos. O Concello de Rianxo seguirá a prestar os distintos servizos a pesares dos recortes económicos e continuará tamén con aqueles que eran doutras Administracións Públicas. Da igual que o PP racanee crédito aos comedores escolares, aos servizos sociais, á educación, á sanidade, e que dende Madrid regulen os gastos dos concellos impedindo empregar o remanente de tesourería positivo para facer fronte ao gasto social. Ou que prohiban repoñer efectivos por xubilación buscando que privaticemos servizos e recortemos gastos en alfabetización de adultos, prevención de drogas, deportes, promoción económica e cultura. Mentres o PP avoga por outras subas como a da factura da luz, que afecta aos petos de todos os cidadáns.

Alude ao interese de desviar a atención que emprega o PP, xa que tendo sido convocados correctamente non asisten na primeira nin na segunda convocatoria á Comisión Informativa de Economía e Facenda á que se someteu estes orzamentos, non podendo ser estas celebradas por falta de quorum segundo resulta da dilixencia da Secretaria-. Mais non por istas actuacións vaise mudar a senda que este goberno estima a procedente e correcta, que é a de seguir a prestar os servizos aos veciños.

O orzamento 2013 está integrado por unha memoria da Alcaldía, o informe económico-financieiro, o estado de ingresos e gastos, a liquidación do exercizo 2012, os anexos de

persoal, as bases de execución. Sendo continuistas recollen 300.000€ mais que o ano anterior. Son orzamentos axustados á realidade, que seguen a liña marcada no Plan de axuste aprobado polo Ministerio de Facenda no 2012. Unha estela que séguese rigurosamente e de xeito constante en tanto estea vixente. Velaí que estes orzamentos queren seguir as indicacións aprobadas no plan de mellora da xestión dos ingresos e na contención dos gastos correntes, mais sen renunciar a manter as prestacións e servizos para a veciñanza de Rianxo ate onde nos sexa posible.

A vontade do Concello de Rianxo, ademais de soste as prestacións sociais aínda que fallen outros recursos, é que se manteña o persoal municipal que é o único xeito de tramitar e dar resposta as inquiredanzas e necesidades dos rianxeiros. O grupo municipal do PP na súa nota de prensa fai referencia a que non hai recortes en persoal pero o certo é que a pesar de que si se amortizan dúas prazas trala baixa na súa cobertura dos ocupantes, ese crédito mantense para contratar persoal laboral temporal como son os socorristas, brigadas de incendios, escola taller, etc. Así o concello é un empregador mais que crea postos de traballo e permite aos contratados que o día de mañá podan acceder a unha prestación por desemprego. O alcalde é da opinión que cantos mais veciños traballen para a administración mellor é.

O grupo municipal do PP tamén toca o tema da alfabetización de alumnos, ou o traballo con persoas con minusvalías, da que cómpre subliñar que outras administracións xa eliminaron o financiamento fai anos. Pregúntase quen vai suplir eso. Botamos á rúa a xente que participa? Negámonos a impartir formación en ESO?. A resposta esta nestes orzamentos; dicimos si ao mantemento das prestacións, 30 mozos e mozas acadaron estes días o título de graduado en ESO grazas a aposta que fixeron por estes programas.

O concello mantén as liñas de axudas ás entidades sociais, culturais, festivas e deportivas.

As contas seguen a reflectir un importante compromiso de amortización do capital adebedado e aínda que poderíamos concertar novos créditos, non soamente se fai o traballo co crédito existente senón que estase a amortizar ano a ano unha importante cantidade da débeda municipal. A débeda viva estase reducindo progresivamente, non se pode poñer a cero, pero non hai pretensión de ser contable da banca- co horizonte do ano 2015 como remate do plan de saneamento do 2009.

Resalta o informado pola intervención municipal en canto ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, así como a rebaixa da débeda viva que nun ano paso de 101% ao 76% no ano 2012 e agora ao 74%.

Dende outro punto de vista, segue o Alcalde, hai que destacar que o Concello de Rianxo no “existe” para outras Administracións, o cal é case na súa totalidade, e así faise fronte con fondos propios as actuacións culturais, os servizos sociais, etc.

Sen embargo, non flaquea en obter cofinanciamento como acontece coas obras subvencionados por AGADER como foron as de “BASICO E DE EXECUCIÓN PARA AREA RECREATIVA E MELLORAS EN ZONA DEPORTIVA” que ascendeu a un total de 65.255,97€ e o BASICO E DE EXECUCIÓN PARA A AMPLIACION DO CENTRO SOCIO-CULTURAL DE ASADOS E EQUIPAMENTO” por un total de 78.650€ e tamén a “Celoxia en peche lateral da zona deportiva do Colexio de Asados” por 20.896,03€. Sabe que pasou o tempo das grandes infraestruturas e agora corresponde manter o que temos, de ser posible ampliálo ou mellorar. O concello buscará aquelas actuacións que podan ser cofinanciadas con recursos foráneos cando menos nun 80%. As do POS 2013 abrangue o 100% do seu custo e incluíron dúas obras de Saneamento, unha no lugar de Te cuxo proxecto ascende a 72.670,22€ e outra en A Laxe por 101.192€.

Remata a Alcaldía insistindo en que son orzamentos realistas con dúas patas ben afincadas no chan, sen gastar mais pero tamén sen minguar os servizos e prestacións aos veciños malia non ter apoio económico doutras AAPP. Apostando por crear emprego, prestar servizos sociais, por en marcha novos proxectos tecnolóxicos, etc. Por último, rexeita os chascarrillos que o PP tentou introducir como argumentos políticos relacionados coa vida de certas persoas.

[Sae a concelleira do BNG Hadriana Ordoñez Otero as 20:32 horas incorporándose as 20:34 horas.]

O alcalde abre o DEBATE:

O **voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE** don José Carlos Gey Hermo, que fai unha pequena reflexión sobre a ausencia do Partido Popular, distingue a posición dunha oposición como construtiva, obstrutiva ou destrutiva. Neste caso o Partido Popular esta sendo irresponsable coa súa actuación por que os orzamentos son a folia de ruta dun concello, o que determina o seu futuro e determina as futuras actuacións dunha entidade. O Partido Popular está seguindo a estratexia de Rajoy que tampouco comparece no Congreso. Tiveron a documentación deste pleno a súa disposición dende o luns 05/07/2013 nas oficinas municipais. Non nos estrañe que o día de mañá teñamos unha pantalla de TV a través da cal podemos ver unha imaxe do Partido Popular.

Comeza a súa intervención relativo ao orzamento partindo da súa consideración de que partimos duns datos correspondentes ao exercicio 2012 nos que a memoria anual presenta un informe altamente positivo, pasando dunha tesourería negativa de preto de 600 mil euros a unha situación positiva de tesourería.

Con esta base favorable, os orzamentos 2013 presentan:

- un capítulo de ingresos de 6.498.000€, o que supón un incremento do 4,75% con respecto ao pasado exercicio (+309.000€)
- Incrementase o capítulo de gastos repartidos principalmente entre o gasto corrente e o gasto financeiro de xeito correlativo ata alcanzar o 100% dos ingresos respetando así un equilibrio financeiro que nos permite ser cada vez menos dependentes do financiamento externo.
- As partidas consignadas en gastos correntes permítenos seguir atendendo o que consideramos as grandes obras ou accións máis necesarias para estes duros tempos de crise :
 - Accións sociais en favor dos veciños con menos recursos
 - Accións en favor da igualdade de xénero, se cabe, máis precisas que nunca.
 - Accións formativas e programas de axuda para a xuventude e o emprego
 - Partidas específicas importantes en apoio da cultura e deportes, tamén para ó comercio local, promoción industrial e sector do mar.
- Con todo, calculados os ingresos e cos gastos correntes axustados, contempladas as amortizacións financeiras correspondentes, o aforro neto é positivo en 132.058€.
- O volume da débeda existente a 31/12/2012 é de 4.318.582€, sendo todo o volume a longo prazo, situando nunha porcentaxe do 74%, o que supón que non supera o límite do 110% establecido.

Esta posición, cun aforro neto positivo e un volume de endebedamento inferior ó 75% dos recursos ordinarios do concello permítenos, en caso necesario, concertar novas operacións de crédito.

O voceiro entra no análise desagregado dos capítulos:

Gastos

Capítulo I PERSOAL (2.404.303,19€)

Os gastos de persoal supoñen o 37% do total, un 3% menos que o exercicio anterior (redución de 47.338€) cumpríndose así o establecido na lei do pasado decembro que impide para o 2013 incremento do persoal ao servizo do sector público.

Capítulo II GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS (2.541.884,04€)

Consígnanse crédito por importe de 2.541.884,04€, suficientes para atender as obrigas esixibles, pasando do 31% do 2012 ó 39% neste exercicio.

Polo tanto, Incrementase este apartado en 606.000€ con respecto 2012. Inclúese nel a cantidade de 408.000€ correspondentes ao recoñecemento extraxudicial tardío hoxe a este Pleno.

Servicios Sociais. Contémplanse as partidas necesarias para continuar cos programas de dependencia, promoción e Accións Social así coma para igualdade.

Accións formativas e programas de axuda para a xuventude e o emprego : Continuase apostando pola formación en xóvenes e adultos ampliándose este ano con programas de emprego que cubren os catro trimestres.

En deportes, (56.000€) continuamos apoiando na mesma medida o deporte base e ás entidades deportivas do concello, así como os programas deportivos dedicados á xente maior, todo esto sen obviar as actuacións necesarias para a mellora e mantemento das instalacións deportivas existentes.

En cultura (58.000€) continuase apoiando as iniciativas dos diferentes colectivos culturais do concello ao tempo de dar maior impulso o programa anual cultural.

O Medio ambiente, turismo, comercio local, promoción industrial, novas tecnoloxías, o sector do mar, contan así mesmo con partidas específicas (42.000€).

Neste mesmo capítulo dous consígnanse as partidas orzamentarias necesarias para, entre outros, como son:

- O canon anual da piscina. 52.000€
- Continuar coa tramitación do PXOM.: 32.000€
- Partida suficiente para a compra do local do Liceo Marítimo; 87.000€.
- Compra dun novo vehículo en sistema renting para a Policía Local. 11.800€/anualidade
- Renovación por medio do sistema de renting de todo o equipamento informático do concello (12.000€/anualidade)
- Inicio do inventario de Rede de fincas rústicas e urbanas, viais e camiños públicos: 27.500€
- Sistema de xestión de recursos humanos 4.500€

CAPITULO III GASTOS FINANCIEROS

A anualidade de amortización das operacións crediticias concertadas ascenden a 1.049.147€. Recollese así mesmo outros gastos financeiros por importe de 146.402€ o que eleva este capítulo á cantidade de 1.195.549.00€.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Neste apartado contémplanse os créditos por achegas económicas do Concello , por importe de 40.414€ a:

- 11 entidades deportivas do concello
- Fundación Amigos de Galicia e Asociación Galega do Pobo Saharauí.
- Escola de Música de Rianxo e
- Colexios do Rural Agrupados.

CAPITULO VI.- INVESTIMENTOS REAIS

Aínda que o capítulo de investimentos presenta a cantidade de 35.193€ financiados con recursos propios.

Xéranse os créditos necesarios por importe de 337.700€ para cofinanciar as Obras dos seguintes proxectos:

- Rede de saneamento na Laxe Grande – Taragoña por importe de 100.102€
- Saneamento no lugar de Té por importe de 72.670€
- Celosía en peche lateral da zona Deportiva do Colexio Ana m^a Diéguez de Asados, por importe de 20.895€
- Actuacións na Área Recreativa e mellora de zona deportiva no CC de Leiro por importe de 65.255€
- Ampliación e equipamento do Centro Sociocultural de Asados por importe de 78.650€

Actuacións de outros organismos

Debemos apuntar que non se contabilizan as actuacións de outros organismos públicos xa realizadas neste primeiro semestre por importe de 163.000€

- Iluminación pública no Parque empresarial : 43.000€
- Melloras de vías en diversos puntos do concello: 51.000€
- Mellora dos parques infantís da Martela e Parque Galicia: 37.000€
- Actuacións nas pistas do rural por importe de 32.000€

Sumando así o apartado de investimentos reais un total de 531.000€.

Máis de medio millón de euros a investir en Rianxo durante este exercicio, sen contabilizar as actuacións que realizan as nosas brigadas de obras e servizos. Actuacións pequenas pero importantes e numerosas ao longo do ano, especialmente as derivadas de saneamento e vías.

Tampouco se contabilizan os proxectos para os que a Deputación da Coruña ten xa as partidas económicas necesarias para a execución da Conexión do vial de Rianxiño coa estrada de Leiro por importe de 500.000€ e a Ampliación da Ponte da Te, proxecto coas expropiacións de terreos xa realizados, para un proxecto de 257.000€.

No tocante aos INGRESOS o voceiro resalta o seguinte:

Cap. 1 .- Impostos directos por IBI - Imposto de Actividades Económicas - Imposto de

vehículos, ascenden á cantidade de 2.082.000€. IDEM ao pasado exercicio (32%). Decrece o imposto polos bens inmobles de natureza urbana incrementándose os de natureza rústica.

Cap. 2.- Impostos indirectos derivados do imposto de construcións, instalacións e obras ascende a 74.248€ (IDEM) (0,1%).

Cap. 3.- Por Taxas, prezos públicos e outros ingresos, as previsións suman a cantidade de 1.284.000€ (+2%). Ingresos calculados tendo en conta as modificacións de cuotas e ordenanzas fiscais aprobadas en Pleno e o reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria.

Cap. 4 .- Transferencias correntes prevese a cantidade 3.057.000€ (+2%). Un incremento con respecto ao pasado exercicio motivado fundamentalmente pola inclusión da liquidación da Participación dos Tributos do Estado correspondente a anualidade de 2012.

En resume, a pesares da estela que deixa a actual crise económica, con capítulos de ingresos mínimos no apartado de construción e contratadas, a redacción no custe do persoal, xunto coa redución de contratos menores e o reforzo da eficacia recadadora, os orzamentos que se propoñen ao Pleno para a súa aprobación son uns orzamentos reais que GARANTEN A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA e a cobertura total das operacións correntes e os gastos do funcionamento do Concello.

Toma a palabra a **voceira no BNG Dona Adelina Ces Quintáns** di que non tiña pensado dicir nada sobre a ausencia do Partido Popular pero ten que lembrar que estivo o BNG co Partido Popular na oposición apoiando as propostas que se traían as veces sen prazo pero esta actuación do Partido Popular esta fora de lugar xa que tiveron a disposición toda a documentación dende a convocatoria do pleno. Son orzamentos realistas, consecuentes co gasto necesario para actuacións imprescindibles, que a pesar das trabas do Estado e da Xunta de Galicia reducindo cofinanciamento se procura atender todos os servizos. Iso a pesar das contradicións normativas e circulares do Estado como acontece no plan de inversións, subíronse os tributos polo estado incrementándose o sufrimento e dificultades das familias. O orzamento contempla as prestacións básicas (saneamento, limpeza de beiraruas, luz no polígono para os emprendedores, etc.). Non se vai facer un orzamento para pasar por el, di con ironía. Fíxose un orzamento para que os veciños teñan todo o que demandan do concello.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor dos 10 membros presentes (6 do BNG e 4 do PSdG-PSOE) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2013

O sr. Presidente somete aos/as sres/as concelleiros/as a ratificación da urxencia do asunto sinalado na orde do día xustificándoa en que téndose aprobado inicialmente o orzamento do exercicio 2013 no punto anterior desta sesión, e quedando condicionado a este, tráese este recoñecemento para cumprir coas obrigas de abono de actuacións efectuadas e conformadas e evitar un recoñecemento inxusto.

Segundo as dilixencias de Secretaria que obran no expediente non houbo quórum na Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria, Comercio e Emprego do 09/07/2013 en primeira e segunda convocatoria, en consecuencia ao abeiro do art. 82.3º e 126.2. do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións Locais aprobado por RD. 2568/1986 (ROF) o asunto debe ser ratificado de urxencia polo

Pleno corporativo antes de pasar a tratalo.

Sometida a votación resulta Ratificada a urxencia por unanimidade dos membros presentes (6 do BNG e 4 do PSdG-PSOE), isto é, 10 dos 17 que conforman o pleno municipal, polo tanto maioría absoluta.

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Ante a necesidade de facer o recoñecemento de obrigas de exercicios pechados para proceder o seu pago, xa que no seu momento non foron recoñecidas as correspondentes obrigas , por importe de 408.812,76 €.

Incorporado o preceptivo informe de intervención emitido o 4 de xullo de 2.013, que conclúe: “Corresponde ao Pleno da Corporación o acordo de recoñecemento de crédito extraxudicial, das obrigas do presente expediente, por non existir crédito adecuado aínda que si suficiente no orzamento do exercicio 2012. Este acordo suporía a habilitación do crédito nas aplicacións orzamentarias indicadas e o recoñecemento extraxudicial das obrigas que se reflicten a continuación:

Este é o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en dereito.”

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Supeditar a eficacia do presente acordo a entrada en vigor do orzamento xeral do Concello de Rianxo para o exercicio 2.013.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial 3/2013 de crédito, por importe total de euros, correspondente a gastos realizados en exercicios pechados pero dos que a imputación orzamentaria ó correspondente exercicio non se realizou e procede a realizarse no exercicio 2013, conforme o seguinte detalle:

Nº FACT.	REX,	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE	
A/11078	2141	Ben Inversións, S.L. (Papelería Librería Ben)	2 rolos papel térmico para alcolímetro radar	132.0.22000	1,20 €
				132.0.22000 Total	1,20 €
Y/2335	3212	E.Varela e Hijos, S.L.	Arranxos alumado público accidente PO-0894-BD	132.0.22699	793,76 €
				132.0.22699 Total	793,76 €
V/6555	275	E.Varela e Hijos, S.L.	Sistema trincaxe e materiais para protección civil	134.0.21300	8,20 €
				134.0.21300 Total	8,20 €
1120712438601	2063	Gas Natural S.U.R.	Alumado. Oficina da ARI. Xullo 2012	152.2g.22100	22,22 €
1120812469814	2254	Gas Natural S.U.R.	Alumado. Oficina da ARI. Agosto 2012	152.2g.22100	36,72 €
				152.2g.22100 Total	58,94 €
AG11-0060	3236	Aquagest	Canon saneamento da Xunta de Galicia 2011	161.0.22501	1.732,19 €
				161.0.22501 Total	1.732,19 €
2012/3345	237	Sogama	Tratamento residuos urbanos. Decembro 2012	162.0.22795	16.733,05 €
				162.0.22795 Total	16.733,05 €
12/01770	108	Felipe Ces, S.L.	Materiais para o cemiterio de Rianxo	164.0.21300	64,66 €
				164.0.21300 Total	64,66 €
318/11	2658	Ramón y Óscar Tubío, S.L.	Traballos feitos no lg. Paseo Marítimo	165.0.21300	56,64 €
262/11	2874	Ramón y Óscar Tubío, S.L.	Arranxo cableado rede suministro cámaras	165.0.21300	115,64 €
Y/2334	3213	E.Varela e Hijos, S.L.	Arranxos nos semáforos Taragoña e outros	165.0.21300	3.086,87 €
Y/2333	3214	E.Varela e Hijos, S.L.	Arranxo alumado cemiterio de Asados	165.0.21300	64,17 €
Y/2332	3215	E.Varela e Hijos, S.L.		165.0.21300	1.588,75 €

		Arranxar fuga eléctrica...Campo Fútbol Vilas		
211/12	3216	Ramón y Óscar Tubío, S.L . Arranxos varios	165.0.21300	1.750,51 €
Y/2290	3230	E.Varela e Hijos, S.L. Conexionado farola alumeado público frente Soto	165.0.21300	375,00 €
Y/2291	3231	E.Varela e Hijos, S.L. Tapa arqueta na Burata mantemento alumeado público	165.0.21300	1.931,16 €
Y/2289	3232	E.Varela e Hijos, S.L. Cambiar luminaria poste en Outeiro	165.0.21300	234,03 €
Y/2287	3233	E.Varela e Hijos, S.L. Cambiar unha luminaria poste en A Capela	165.0.21300	238,75 €
Y/2288	3234	E.Varela e Hijos, S.L. Cambiar poste proxector area recreativa de Laxe	165.0.21300	199,78 €
248/12	116	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo alumeado en pirámides Paseo da Ribeira	165.0.21300	654,86 €
247/12	117	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Actos infantís praza de Castelao 22-23 decembro	165.0.21300	145,20 €
246/12	118	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo alumeado Paseo Marítimo de Rianxo	165.0.21300	655,92 €
227/12	119	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos Festividade Magosto 16 e 17-11-2012	165.0.21300	145,20 €
229/12	120	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxos en varios lugares do concello	165.0.21300	2.256,48 €
Y/2339	122	E.Varela e Hijos, S.L . Mantemento alumeado Taragoña, Asados e Araño	165.0.21300	2.030,77 €
192/12	171	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Instalac. proxec. iluminación Guadalupe 2012	165.0.21300	1.393,92 €
173/12	172	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Materiais para traballos varios	165.0.21300	1.661,16 €
193/12	460	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Reformar alumeado en aldea interior Brión	165.0.21300	6.179,52 €
191/12	461	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos en diversos lugares do concello	165.0.21300	1.615,89 €
SO-1300053	1088	Soelga Materiais acometida almacén, carpintería Pedreira.	165.0.21300	1.686,79 €
59/13	1089	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxos alumeado en varios lugares Concello	165.0.21300	1.671,81 €
			165.0.21300 Total	29.738,82 €
1111010677183	243	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Outeiro. Outubro 2011	165.0.22100	120,16 €
3110210328959	653	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado público. Brión.Marzo 2011	165.0.22100	0,78 €
3101210082737	657	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado público. Brión.Decembro 2010	165.0.22100	51,41 €
3101210271342	669	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado público. Burata. Decembro 2010	165.0.22100	517,96 €
3101210275384	671	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado público. Laxe. Decembro 2010	165.0.22100	1.027,30 €
1120712411818	2062	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Recadación. Xullo 2012	165.0.22100	75,52 €
1120712099292	2065	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Punto Limpo. Xullo 2012	165.0.22100	32,53 €
1120612668186	2080	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Pastoriza. Xullo 2012	165.0.22100	43,08 €
1120612697284	2081	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Isorna. Xullo 2012	165.0.22100	238,89 €
1120612718400	2082	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Ourille. Xullo 2012	165.0.22100	70,82 €
1120612718619	2083	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Abuín.Xullo 2012	165.0.22100	189,48 €
1120612742782	2084	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Arcos Moldes. Xullo 2012	165.0.22100	278,86 €
1120612762110	2085	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vilar.Xullo 2012	165.0.22100	66,40 €
1120612769896	2086	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Sestelo. Xullo 2012	165.0.22100	150,51 €
1120612785846	2087	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cerqueiras. Xullo 2012	165.0.22100	90,19 €
1120612793899	2088	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Campelo. Xullo 2012	165.0.22100	81,40 €

1120710274442	2089	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vacariza. Xullo 2012	165.0.22100	198,35 €
1120710276725	2090	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vacariza. Xullo 2012	165.0.22100	40,98 €
1120710280492	2091	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Sestelo. Xullo 2012	165.0.22100	21,00 €
1120711165126	2092	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Campo de Arriba. Xullo 2012	165.0.22100	152,64 €
1120711573879	2093	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cubide. Xullo 2012	165.0.22100	47,96 €
1120711586586	2094	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Burata. Xullo 2012	165.0.22100	46,46 €
1120711614636	2095	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Igrexa. Xullo 2012	165.0.22100	215,02 €
1120711635945	2096	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Igrexa. Xullo 2012	165.0.22100	191,41 €
1120711637141	2097	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Paradela. Xullo 2012	165.0.22100	108,39 €
1120711700666	2098	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Castriño. Xullo 2012	165.0.22100	87,57 €
1120711728754	2099	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Pousada. Xullo 2012	165.0.22100	129,72 €
1120711729337	2100	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Chorente. Xullo 2012	165.0.22100	240,34 €
1120711731708	2101	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Corques. Xullo 2012	165.0.22100	37,75 €
1120711742184	2102	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cruceiro. Xullo 2012	165.0.22100	56,01 €
1120711743427	2103	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Chorente. Xullo 2012	165.0.22100	38,88 €
1120711744169	2104	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cruceiro. Xullo 2012	165.0.22100	38,52 €
1120711751779	2105	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Casilla. Xullo 2012	165.0.22100	59,96 €
1120711762371	2106	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Outeiro. Xullo 2012	165.0.22100	256,70 €
1120711771412	2107	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Corques. Xullo 2012	165.0.22100	50,11 €
1120711780467	2108	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Traba. Xullo 2012	165.0.22100	231,66 €
1120711790625	2109	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Outeiro. Xullo 2012	165.0.22100	117,19 €
1120711806498	2110	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Fachán. Xullo 2012	165.0.22100	52,03 €
1120711851982	2111	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Pousada. Xullo 2012	165.0.22100	117,95 €
1120711877604	2112	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Toural. Xullo 2012	165.0.22100	98,91 €
1120711885627	2113	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Lemos. Xullo 2012	165.0.22100	92,71 €
1120711900694	2114	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Capela. Xullo 2012	165.0.22100	120,46 €
1120711909884	2115	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Miráns. Xullo 2012	165.0.22100	148,09 €
1120711926414	2116	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Foxacos. Xullo 2012	165.0.22100	113,68 €
1120711927704	2117	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Asadelos. Xullo 2012	165.0.22100	515,11 €
1120711935006	2118	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Carballal. Xullo 2012	165.0.22100	240,16 €
1120711995720	2119	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Lemos. Xullo 2012	165.0.22100	145,61 €
1120712012935	2120	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Batán. Xullo 2012	165.0.22100	51,87 €
1120712024631	2121	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Castiñeirriña. Xullo 2012	165.0.22100	47,59 €
1120712034459	2122	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Ermida. Xullo 2012	165.0.22100	120,19 €
1120712071754	2123	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Lustres. Xullo 2012	165.0.22100	58,74 €
1120712084870	2124	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vilas. Xullo 2012	165.0.22100	170,14 €

		2012		
1120712153630	2125	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Somoza. Xullo 2012	165.0.22100	153,06 €
1120712197336	2126	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Sta. Lucía. Xullo 2012	165.0.22100	541,86 €
1120712214781	2127	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Pazo. Xullo 2012	165.0.22100	412,67 €
1120712245886	2128	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Mámoa.Xullo 2012	165.0.22100	99,04 €
1120712261069	2129	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Rinlo.Xullo 2012	165.0.22100	318,54 €
1120712261071	2130	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Paseo Manuel Antonio. Xullo 2012	165.0.22100	1.388,66 €
1120712261496	2131	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Barral. Xullo 2012	165.0.22100	142,49 €
1120712275334	2132	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Castillo. Xullo 2012	165.0.22100	884,34 €
1120712523037	2133	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Tanxil. Xullo 2012	165.0.22100	153,88 €
